

**ROSALÍA E AMÉRICA *VERSUS*
AMÉRICA E ROSALÍA**
RETRUQUE AO RELATORIO DE
CATHERINE DAVIES

Pilar Cagiao Vila

Universidade de Santiago de Compostela

doi:10.17075/rcsxxi.2014.008



En 1955, Zenobia Camprubí, nunha carta datada en Porto Rico e dirixida a Graciela Palau de Nemes, entre outros comentarios, dicíalle sobre Juan Ramón Jiménez: «En esta semana ha ayudado a dos alumnas con sus tesis: la de esta mañana sobre Rosalía de Castro» (Campurí / Palau de Nemes, 2009: 173). Difícil é saber, sen coñecer sequera o nome da doutoranda, se aquela tese chegou a bo porto. Moi probablemente, a autora daquel traballo sería algunha das asistentes ó curso sobre modernismo que o poeta de Moguer impartira dous anos atrás no Recinto de Río Piedras da Universidade de Porto Rico e no que tantas veces aludiu á escritora galega (Jiménez 1999 e 2006: 20-21).

Máis aló da admiración de Juan Ramón pola obra de Rosalía¹ —e ata da eventual influencia na súa, sobradamente subliñada polos especialistas (Sánchez Romeralo 1986)—, a carta da compañeira de Juan Ramón, escrita durante o exilio portorriqueño de ambos, dá boa conta do interese suscitado xa entón naqueles lares caribeños pola obra da escritora galega². E, nese sentido, resulta útil para introducir unha das caras da cuestión que dá título a este texto. Porque se Catherine Davies centra o seu («Rosalía de Castro y América»), publicado neste mesmo volume, nas evocacións que a escritora galega fai de América, o que cabería esperar do noso, que non pretende ser exhaustivo, nin moito menos totalizador, é cando e en que circunstancias América e a súa intelectualidade evocaron, recordaron ou se interesaron por Rosalía.

Porén, en primeiro lugar, advertiremos que aquí referímonos exclusivamente a América Latina, un ámbito que dende o punto do coñecemento histórico nos

1 O temperán interese de Juan Ramón pola obra de Rosalía e Curros Enríquez, coa que se familiarizou nunha biblioteca privada da súa Moguer natal, conduciuno a traducilos ó castelán, tal e como recordaría en 1935 nunha entrevista publicada no xornal madrileño *La Voz* (18 de marzo). En 1899, propúxolle a Tomás Domínguez Ortiz, fundador de *Odiel* de Huelva, a publicación de copias de poesías dos dous autores galegos no seu xornal. A primeira foi unha poesía de Rosalía que, segundo indicaba unha carta de Juan Ramón a Domínguez Ortiz, sería a que iniciaría a sección «Poesías Gallegas».

2 Paga a pena mencionar algúns dos intelectuais, oriúndos ou non de Porto Rico pero que alí desenvolven a súa actividade profesional, que en diversos momentos e de diferentes xeitos se ocuparían da obra de Rosalía. Entre outros, cabe mencionar a Matilde Albert Robatto, Ángel Manuel Aguirre, Elizabeth Wimmer ou Hamid Galib (Portela Yáñez, 1997).

resulta máis próximo. Como apuntamento da outra América e do seu interese por Rosalía, recorremos de novo a outra carta de Zenobia Camprubí, dirixida esta vez ó seu amigo Juan Guerrero Ruiz e datada en 1940 en Coral Gables (Florida), na que, aludindo a unha das intervencións académicas de Juan Ramón, dicía: «Ayer empezó el Seminario [...]. Los dos momentos de mayor emoción en la clase fueron *La mort de Escolá* de Jacinto Verdaguer y el poema de Rosalía de Castro *Este vaise e aquel vaise y todos se van* [sic] [...]. Rosalía, que no conocían en absoluto, entusiasmó...» (Camprubí 2006: 236). Seguramente, a impresión de Zenobia non podía ser extrapolable á inmensidade territorial norteamericana, profusa, xa entón, en centros académicos dotados de seccións especializadas en literatura hispánica. E aínda que non afondamos significativamente nesa dirección, á altura de 1937 xa o hispanista estadounidense Sylvanus Griswold Morley (Baldwinsville, Mass, 1878-1970) traducira ó inglés *En las orillas del Sar* (*Beside the River Sar*), que mereceu un comentario do canario-cubano Manuel Pedro González (1893-1974), entón catedrático de literatura hispanoamericana na Universidade de California (Los Ángeles), en tanto que os profesores galegos César Barja (Guitiriz, 1890-Los Ángeles, 1952), da mesma universidade, e Federico Rico y Fraga da de Columbia xa publicaran sobre Rosalía e difundiran a súa obra (Calveiro, 1938: 17). Con todo, sexa ou non esaxerada —deixémolo en impresionista— a mencionada aseveración de Zenobia, o certo é que daquel descoñecemento do que entón se queixaba, na América anglosaxoa transitaríase positivamente por un camiño de frutíferas investigacións sobre a escritora galega. Unha boa mostra diso quedaría plasmada, case cincuenta anos máis tarde, no copioso número de relatorios correspondentes a estudosos norteamericanos presentados no Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo (1985), organizado polo Consello da Cultura Galega, que demostraba, xa entón, o crecente interese académico por Rosalía de Castro.

En América Latina, efectivamente, non faltou, entre os intelectuais de diferentes épocas, quen mostrase deferencia pola súa obra e a súa figura, tal e como trataremos de demostrar nesta apertada síntese. Por empezar polo Río da Prata e por unha muller, Juana de Ibarbourou (Melo, 1892-Montevideo, 1979), de quen Jorge Arbeleche (2008) subliña unha certa «filiación poética» que a achega a Rosalía en «el modo de percibir el mundo», considerábase a si mesma como unha rendida admiradora da escritora galega, sobre a que pronunciou unha espléndida

conferencia no Centro Gallego de Montevideo en 1925 (Zubillaga 1975: 84). Mais tampouco ignora o mencionado crítico literario que, quizais, a devoción da uruguaia polo «verso sencillo, profundo y transparente» de Rosalía, segundo definición da súa compatriota Sylvia Lago (1997: 93), víñalle de «su cuota de sangre gallega» (Arbeleche, 2008: 9). De que diso non se pode dubidar dá fe, entre outras fontes, a carta que Ibarbourou, con motivo de agradecer a inminente inauguración dunha biblioteca pública en Lourenzá que levaba o seu nome e o do seu pai, natural desta vila, escribiu en 1962 a «sus amigos de Galicia», esa «patria de mi padre, luminosa y grande/que profundamente quiero también» que en máis dunha ocasión evocou Juana de América. Nela, ademais de recoñecerse como «gallega hasta la sangre, tanto como oriental, tanto como criolla», engadía que «Rosalía y Curros Enríquez han amparado con su resplandor la lucecita de mis versos americanos»³.

Desde logo, non cabe dúbida de que o feito de contar con ascendencia galega resultou transcendental para algúns autores á hora de coñecer (e recoñecer) a obra de Rosalía. Por exemplo, para outro oriental, Julio J. Casal (Montevideo, 1889-1954), —quen non só era fillo de galego senón que, exercendo como cónsul do seu país, entre 1913 e 1927 residiu na Coruña, onde iniciaría unha magnífica aventura literaria que culminou na revista *Alfar*— Rosalía e a súa obra ocuparon un lugar destacado entre as súas preferencias poéticas. Así, tanto do texto dunha conferencia pronunciada en Montevideo, titulada «Rosalía de Castro y la canción gallega», como doutros manuscritos do uruguaio analizados por Alicia Torres (2008: 40-43), dedúcese a súa devoción pola escritora como poeta, como galega e como muller. Pola súa banda, o médico e ensaísta Solís Otero y Roca dedicaba na súa obra *Resonancias hispánicas. Estampas e impresiones* un capítulo a «La musa dolorosa de Galicia» [*sic*]. Otero y Roca, fillo dun dos educadores galegos que colaboraron na reforma educativa de José Pedro Varela, rendía con iso, na década dos trinta, unha sentida homenaxe á súa ascendencia galaica.

Foi tamén esta condición, a de descendente de galegos, a que inclinou ó literato arxentino José González Carbalho (Bos Aires, 1899-1958) a interesarse por

3 «Palabras para mis amigos de Galicia». Carta manuscrita de Juana de Ibarbourou datada en Montevideo en setembro de 1962, reproducida en *A Ultramar. Boletín informativo de la Oficina de Relaciones con los Gallegos el exterior*, A Coruña, novembro, 1962.

Rosalía. Tal e como el mesmo relataría no preámbulo do seu *Libro de canciones para Rosalía* (Bos Aires, 1954) —e así o recordaría tamén o crítico arxentino Antonio Requeni (1993)—, sendo moi neno, foi o seu pai, emigrante do Val Miñor, quen puxo nas súas mans un tomo de *Follas novas*. Nada máis expresivo que o mencionado preámbulo, ademais das cancións, para entender o que dende entón Rosalía significou para González Carbalho (1954: 9-30). Pero con anterioridade a esa obra, xa abordara extensamente a escritora galega no discurso sobre «Idioma y poesía gallega», que, xunto con Francisco Luis Bernárdez —outro arxentino fillo de galegos, quen no seu *Encol do idioma galego* tamén evocou a Rosalía— pronunciou en 1952 no Centro Gallego de Bos Aires. E, mesmo, bastante máis novo, González Carbalho xa lle dedicara un poema que en 1925 foi publicado en *El Correo de Galicia* da capital arxentina (Requeni, 1993: 40).

A mesma veneración das segundas xeracións inmigrantes galegas pola terra dos seus devanceiros e, neste caso, tamén por Rosalía detéctase noutros autores riopratenses como Julieta Gómez Paz (Bos Aires, 1920-1995) —filla da escritora mindoniense emigrada en Arxentina María de los Ángeles Vázquez—, quen, ademais doutras abordaxes anteriores sobre a escritora galega, na súa obra *Galicia y la poesía* chegou a soste a influencia poética de Rosalía sobre Rubén Darío (Gómez Paz, 1988: 17-25).

Pola súa banda, na outra beira do Río da Prata e, neste caso, na narrativa, segundo Sylvia Lago (1997: 93), a «presencia tutelar y vitalizadora de la maravillosa Rosalía de Castro» percíbese subliminarmente na entrañable novela de Ángel Rama (Montevideo, 1926-1983) *Tierra sin mapa*, seguramente tampouco allea á ascendencia galega deste escritor, quen dedicou esta obra «A mi madre, Cielo de Galicia» (Rama, 1985). Con todo, aínda noutros autores carentes deste vínculo, como é o caso do contemporáneo Jaime Monestier (Montevideo, 1926), a evocación a Rosalía é evidente e directa a través dalgúns dos protagonistas da súa novela *Ángeles apasionados*, que se publicou en Montevideo en 1996. No caso de Monestier, a súa experiencia de convivencia directa con moitos dos membros da aínda nutrida colectividade galega do Montevideo dos anos sesenta —como el mesmo reconece ó dicir «influyeron en mí y contribuyeron a mantener vivo mi amor por el mundo gallego» (Lago, 1998: 157-163) — non difire moito da que outros intelectuais americanos experimentaron ó longo dos diferentes períodos en que os galegos, emigrantes ou exiliados, arribaron ó seu continente. Algúns,

incluso, como o arxentino Eduardo José Bosco (Bos Aires, 1913-1943), baixo a influencia do seu amor por unha inmigrante de Vilanova de Arousa, das circunstancias do momento e da propia obra rosaliana, chegou a escribir en galego parte da obra póstuma, que legou tras a súa tráxica desaparición (Gómez Paz, 1988: 99-105).

A presenza masiva de inmigración galega en certos países latinoamericanos logrou introducirse nos diferentes aspectos das súas sociedades. Dende o punto de vista cultural, Rosalía, como un dos seus valores principais, foi alcanzando cotas de presenza cada vez maior, directa ou tanxencialmente, e pasou a converterse en obxecto de atención, ademais de dos medios de expresión étnicos, das propias prensas nacionais en toda a súa variedade. Un exemplo significativo, pola súa ampla difusión, constitúeo en Arxentina o popular semanario *Caras y Caretas*, que en máis dunha oportunidade, a partir dos anos vinte, aludiu á poeta galega proporcionándolle ó gran público noticias, comentarios, apuntamentos ou citas textuais da obra de Rosalía de Castro. Se facemos este corte temporal sobre unha publicación que en Bos Aires iniciara a súa andadura en 1898 é porque na detallada análise que dela realizou Ruy Farías dende esa data ata 1921, tratando de detectar o «universo de miradas variadas, complejas y no exentas de contradicciones» (Farías, 2008: 201) que figurou nas súas páxinas respecto de Galicia e a inmigración galega en Arxentina, soamente aparece unha alusión á escritora, fronte a outras máis numerosas referidas a autores como Emilia Pardo Bazán, Linares Rivas ou Valle-Inclán. A devandita referencia, aparecida á altura de xuño de 1901 con motivo da nota necrolóxica dun inmigrante, menciona indirectamente a Rosalía dado que o personaxe organizara unha velada artística co obxecto de reunir fondos «para la estatua de Rosalía de Castro, la dulce autora de *Follas Novas*», segundo rezaba no artigo da propia revista (Farías, 2008: 245). Resulta cando menos estraña a inexistencia doutras alusións na publicación porteña entre 1898 e 1920, quizais porque de Galicia só eran citados autores contemporáneos vivos e, ademais, de éxito en Bos Aires⁴, quizais porque a obra de Rosalía non era aínda moi coñecida e, polo tanto, escasamente valorada no Río da Prata, tal e como confirma unha mención na carta que un intelectual do talle de José Enrique Rodó

4 Aínda non gozando das súas preferencias, Roberto Arlt sinalaría a Valle-Inclán, que ademais visitara Bos Aires á altura do centenario, como «el literato que más leemos en América» (Lojo, 2008: 129).

escribiu a Unamuno en 1903⁵. Ou seica porque, por esa ignorancia, as alusións á escritora galega, como ocorría nos clásicos *sainetes* tan de moda no Bos Aires das primeiras décadas do século xx, eran só efectuadas para sinalar certos valores que se consideraban inherentes ás mulleres galegas inmigrantes⁶. Con todo, no caso de *Caras y Caretas*, puidemos comprobar que esta tendencia se viu revertida, como se dixo, durante os anos vinte e trinta, cando, ademais da reprodución dalgúns textos, inicialmente dun modo un tanto extemporáneo para pasar logo ás seccións literarias da revista⁷, as alusións a Galicia empezaron a identificarse, case sistematicamente, evocando a escritora galega como o mellor símbolo para comprender positivamente a idiosincrasia das súas xentes e a súa terra. Sen dúbida, unha imaxe tópica pero que, así e todo, é reveladora dunha maior proxección de Rosalía a esta altura⁸. Así mesmo, a partir de entón, *Caras y Caretas*, que por distintas razóns mantiña estreitos contactos coas colectividades galegas non só de Bos Aires senón tamén de Montevideo —onde se fundara e discorrera a súa primeira etapa (1890-1897)—, durante os anos vinte e trinta fíxose eco de toda canta homenaxe, acto ou colecta se fíxese en prol de Rosalía de Castro tanto en Galicia como en América⁹. Así, por exemplo, en 1926, a revista recollía, reportaxe

5 Agradézolle ó profesor da Universidade da República, Carlos Zubillaga Barrera, que me proporcionase o texto da devandita carta en que o uruguaio facía patente a necesidade de achegar ó mundo americano unha visión máis completa da literatura española que involucrase as «literaturas regionales». En José Enrique Rodó (1957): *Obras completas*. Edición de Emir Rodríguez Monegal. Madrid, Aguilar, 1315.

6 Marina Guidotti (2008: 179, 181) explica como unha das protagonistas da obra teatral *Farruco* de Alberto Weisbach, escrita en 1921, identificada coa galega Mariiña, recita de memoria «Airiños da miña terra». E resulta curioso observar que, xa no século xxi, o mesmo recurso foi utilizado polo novelista arxentino Pedro Orgambide en *La Bella Otero*, reina del varieté (2001), na que o encontro en Bos Aires da artista de Valga coa súa paisana Ramona, que seguiu o percorrido vital típico das galegas inmigrantes, faille recordar a Carolina outros versos de Rosalía de Castro (Lojo, 2008: 115).

7 O texto de *En las orillas del Sar*: «Justicia de los hombres, yo te busco, pero sólo te encuentro en la palabra, que tu nombre aplaude, mientras te niega tenazmente el hecho», aparecía, por exemplo, sen máis comentarios, en *Caras y Caretas* do 8 de xaneiro de 1921. Con todo, a tradución castelá de «Unha vez tiven un cravo» figuraría na sección «Álbum poético» de *Caras y Caretas* o 11 de marzo de 1934 na devandita sección xunto a poemas dos portorriqueños Carmen Alicia Cadilla e Vicente e Luis Palés Matos. Así mesmo, un dos seus críticos literarios, Raúl P. Osorio, ó apuntar a obra poética de José Pascual titulada *Vergel de Otoño* (Bos Aires, 1932), afirmaba que, ó seu parecer, a mellor composición do libro era a titulada «Rosalía de Castro», que o autor dedicaba á súa memoria. *Caras y Caretas*, 1 de abril de 1934.

8 Como exemplo: «Berta Singerman en Galicia», *Caras y Caretas*, 12 de xuño de 1926, p. 56.

9 «La casa de Rosalía de Castro», *Caras y Caretas*, 24 de marzo de 1928; «En memoria de la grande Rosalía de Castro», *Caras y Caretas*, 5 de agosto de 1939.

gráfica incluída, a presenza de Paulina Luisi (Colón, 1875-Montevideo, 1949) no festival organizado pola Casa de Galicia e o Centro Gallego de Montevideo co fin de obter os fondos necesarios para erixir un monumento á súa memoria¹⁰. Entre os uruguaios que asistiron ó acto, ademais da doutora Luisi, contábanse o famoso barítono Víctor Damiani (Montevideo, 1893-1962) e o dirixente socialista Emilio Frugoni (Montevideo, 1880-1969). E, por certo, non sería esta nin a primeira nin a última vez que o político uruguai se achegase á figura da autora de *Follas novas*. De que coñecía a súa produción literaria e de que dela se serviu nalgunha ocasión para expoñer as súas propias ideas dá fe unha das súas contribucións á revista montevideana *La Pluma*, na que aludía a un discurso anterior sobre o seu particular concepto de rexionalismo poético partindo precisamente da obra de Rosalía¹¹. Frugoni, ademais, aproveitaría as ocasións en que colaborou nos órganos de expresión da inmigración galega de Uruguai —colectividade á que manifestamente apreciaba polo seu «curso a la obra de la civilización y progreso nacionales»— para evocar a Rosalía (xunto con Curros Enríquez) como poetas que «tuvieron el genio en el corazón»¹². O historiador Carlos Zubillaga Barrera, nunha das súas múltiples contribucións sobre a presenza galega en Uruguai, e máis particularmente nas que aborda a incidencia de Rosalía de Castro, sinalaría que o aprecio no país polos inmigrantes de Galicia levaría á Junta Departamental de Montevideo a bautizar co seu nome unha rúa da cidade (Zubillaga, 1975: 85)¹³. En Arxentina —ademais do recoñecemento á obra de Rosalía observado en Borges e Cortázar por F. Fernández Naval (2007: 256)¹⁴—, entre a nómina de intelectuais que chegaron a coñecer a Rosalía a través do seu acercamento á colectividade galega emigrada está, por exemplo, Víctor Luis Molinari (Bos Aires,

10 *Caras y Caretas*, 7 de xullo de 1926, 71.

11 «Hacia un localismo humanista», *La Pluma*, Montevideo, 1 de xaneiro de 1927.

12 «Los gallegos y nosotros», *Galicia: revista del Centro Gallego*, Montevideo, 1929, 151.

13 O historiador uruguai, neto de galego, formaría parte do xurado no concurso de artigos xornalísticos organizado en 1985 pola Casa de Galicia con motivo do centenario do pasamento de Rosalía. O primeiro premio outorgouse a Jorge Albistur («Para qué las cosas y para qué nosotros», publicado no suplemento *La Semana* do diario *El Día*) e o segundo a Rosario Peyrou («En medio de todos los destierros», publicado en *La Democracia*). Os traballos de ambos os profesionais uruguaios foron reproducidos pola revista da Casa de Galicia de Montevideo (*Ecos da Terra*, 10, 1986, 32-37).

14 A admiración de Jorge Luis Borges pola obra de Rosalía foi explicitamente apuntada por María Esther Vázquez (1996) en *Borges. Esplendor y derrota*, Barcelona, Tusquets, 306.

1904-1980). Escritor, xornalista e conferenciante de ampla actividade, o vínculo establecido cos exiliados radicados en Bos Aires levouno a converterse nun activo militante —«su adhesión terminou ya con todos los asombros», como diría del Antonio Pérez-Prado (2007: 193)— e a escribir numerosas obras sobre Galicia. A súa admiración por Rosalía culminaría na monografía titulada *Rosalía y su mundo poético*, que viu a luz en Montevideo en 1968, un opúsculo que Molinari finalizaba evocando o momento en que, na súa visita a Santiago, se apoiou na lápida de Rosalía «con una reverencia de porteño agradecido» (Molinari, 1968: 16). E é que, dende a súa viaxe a Galicia na década anterior, as alusións de Molinari a Rosalía serían continuas ó longo dos diversos artigos que publicou na revista do gran Luís Seoane, *Galicia Emigrante*, que terminarían componendo o seu delicioso *Itinerario Gallego: Viaje de un argentino por las tierras, por las gentes y por la cultura de Galicia*, publicado en 1958 pola editorial Follas Novas de Bos Aires, que Xosé Neira Vilas —quen traduciu o texto ó galego— fundara o ano anterior.

Nos escritos dos viaxeiros americanos que nalgún momento pasaron por Galicia, Rosalía converteuse —se non en fonte de inspiración poética, como no caso dos arxentinos Alfredo R. Buffano ou Arturo Capdevila, que, como Molinari, tamén a visitaron nos anos cincuenta¹⁵— nun tópico recorrente á hora de expresar certas percepcións e ata emocións persoais. Así, moito antes ca eles, outros rio-pratenses, como o uruguaio Gustavo Gallinal (Montevideo, 1889-1951), cando escribiu o seu testemuño da visita efectuada a Compostela, dentro dun periplo peninsular realizado en 1913, fíxoo comparando a paisaxe espiritual de Galicia coas poesías da escritora. E delas subliñaba «como nota predominante, la suavidad de pensamiento y la expresión», e engadía inmediatamente: «suavidad que acaso exageramos nosotros engañados por los arrastrados acentos de la lengua gallega con los breves y secos de nuestra habla castellana» (Gallinal, 1967: 158).

Parecidas apreciacións faría, en 1938, o intelectual arxentino Ricardo Rojas (1882-1957), que no seu *Retablo Español*, redactado sobre as notas dunha viaxe a Galicia efectuada trinta anos atrás, referíase á terra e á lingua galega («dejo blando de su idioma», «cuya “fabla” era como un cantar») evocando certas composicións

15 Bufano iniciaba precisamente a súa obra *Junto a las verdes rías* (Bos Aires, 1954), escrita durante a súa estancia en Galicia, cun poema titulado «A Rosalía de Castro, en su tierra». Pola súa parte, a composición «Rosalía» formaba parte do *Canto gallego* (Madrid, 1955) publicado por Arturo Capdevila tras a súa viaxe.

poéticas de Rosalía —que definía como inxenuas, melancólicas e tenras (Rojas, 1948: 338)—, da que demostraba coñecer a obra. Porén, máis aló do idioma, cando reproduce textualmente os afamados versos contidos no «Libro V» de *Follas novas* da escritora galega («Este vaise e aquel vaise...») —«el grito más dramáticamente verdadero que ha engendrado el corazón de una mujer», que diría o seu compatriota Roberto Arlt (1997: 58)—, Rojas aborda directamente o tema da emigración afirmando que «estos versos de Rosalía de Castro, voz ingenua de su raza, expresan el dolor de las migraciones». A aseveración de Rojas transcende o puramente literario cando, ó embarcar no buque que o trasladará a Bos Aires, presenza directamente as emocións dos emigrantes, ós que considera dende ese momento como «compatriotas» cuxos «huesos serán mañana polvo de la pampa, y en sus hijos retoñará la vieja estirpe a nueva gloria» (Rojas, 1948: 391). Sobre este particular hai que sinalar que, aínda que existe un certo consenso en considerar a Rojas como un dos inspiradores do nacionalismo cultural arxentino, era tamén un firme defensor da inmigración no seu país como factor altamente positivo. Neste sentido coincidía coas ideas expostas polo que fora director de Migracións, Juan Alsina, quen por certo tamén visitou Galicia. E faríao, segundo di no seu prólogo, «inspirado por las poesías de la Musa Regional, la dulce y melancólica Rosalía de Castro, cuyos versos he usado para iluminar estas páginas» (Alsina, 1913: 10). Efectivamente, ademais doutras pasaxes en que vai interlucalando fragmentos poéticos da galega, para mencionar o feito da emigración, case sen máis argumento, Alsina límitase a reproducir textualmente os versos de «Adiós ríos, adiós fontes...», por consideralos dabondo expresivos. Pola súa banda, o seu paisano Rojas, bastante máis analítico, ó situar a causa da emigración de Galicia na existencia de «un régimen social injusto» necesitado das reformas que, ó seu xuízo, defendía o rexionalismo, aseveraba: «Rosalía de Castro fue, sin proponérselo, la inspirada precursora de ese renacimiento [...] no sólo cantó las bellezas del terruño y las *saudades* del amor sino que expresó en palabras iracundas la protesta sobre la miseria que pesaba sobre su gente» (Rojas, 1948: 390-391).

Niso tamén repararía moito tempo máis tarde outro viaxeiro latinoamericano, o peruano Fidel A. Zárate Plasencia (*Contumaza/Cajamarca*, 1896-Lima, 1972), quen, ó relatar a súa pasaxe por terras galegas á altura de 1967, non só dedicaba un poema á cidade de Santiago no que especificamente mencionaba a Rosalía, senón que a identificaba con «el alma de Galicia» e con «un fuerte sentido de

independencia y protesta». E facíao reproducindo no seu texto un fragmento de «Castellanos de Castilla» (Zárate Plasencia, 1970: 99-103), como xa fixera Rojas ó falar da escritora galega e o seu «estridente grito de mujer» que clamou pola emigración que azoutaba a un pobo «donde el hombre ama a su tierra y la abandona» (Rojas, 1948: 390).

En realidade, resulta case imposible falar de Rosalía e América sen falar da emigración, non só pola presenza do asunto na súa obra, que xa subliñaron numerosos investigadores, senón tamén pola significación, case icónica, que a poeta representou para os galegos de América ó longo de todas as épocas en que tivo lugar o éxodo galego cara a ese continente. Como observou o sociólogo uruguaio Daniel Vidart: «en los países de Latinoamérica los gallegos peregrinos llevan a Rosalía como su santo y seña nostálgico, como una insignia de amor y *saudade* desplegada en el viento de la emigración» (Zubillaga, 1975: 86). E aínda que aquí non abordamos esta cuestión, analizada por Xosé Manoel Núñez Seixas neste mesmo volume («Rosalía e os emigrantes galegos: da polisemia da súa obra e do seu mito na diáspora»), e nos decantamos por outros puntos de vista, necesariamente temos que referirnos, querendo ou sen querer, á emigración.

Unha destas miradas ten que ver, como non podía ser doutro xeito, con Cuba, o lugar de América ó que, aínda sen coñecelo, Rosalía aludiu máis directamente na súa obra de contido social. E aquí, indefectiblemente, xorde de novo o asunto da emigración pois vale a pena recordar que o primeiro recoñecemento público dos galegos da diáspora á obra de Rosalía é a edición príncipe na Habana de *Follas novas* (1880), promovida pola Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia¹⁶, que ademais —como logo faría o Centro Gallego en 1880— a nomeou socia de honra en 1872, malia que a escritora non pisou nunca a illa.

A fundación desta institución en 1871 coincide, ademais, cun momento de auxe da saída de galegos cara a Cuba no marco dun fenómeno migratorio que,

16 Existente aínda na actualidade, foi fundada como unha sociedade mutual —a segunda entre as españolas, logo da catalá—, por iniciativa dos membros máis destacados da colectividade galega coa intención de garantirlles ós galegos que se atopasen en situación de necesidade distinto tipo de axudas, aínda que finalmente quedaron reducidas ás relacionadas cos gastos de pasamento e panteón social, que aínda hoxe conserva no habaneiro cemiterio de Colón.

aínda que tiña antecedentes¹⁷, cobrara carácter masivo en Galicia e convertera a illa nun dos seus destinos principais. É precisamente neses momentos cando Rosalía de Castro, espectadora privilexiada da notoria emigración nesa dirección, escribe o seu poema «¡Pra a Habana!», incluído no «Libro V» de *Follas novas*. Voz feminina que, segundo o investigador cubano José Antonio Baujín (2002: 169), «resumía en versos exquisitos la dolorosa situación de su pueblo, arrojado entonces, como en otros momentos de su historia, a un camino trillado con destino a la emigración».

E foi tamén a finais do decenio dos setenta cando, tendo en conta unha presenza galega na Habana o suficientemente importante, foron creadas outras dúas sociedades de matriz étnica de diferentes características: o Orfeón Ecos de Galicia e o Centro Gallego (1879). Tratábase, entón, dunha emigración fundamentalmente masculina na que a participación das mulleres era, salvo casos excepcionais, aínda moi escasa. De feito, os versos do coñecido poema de Rosalía sobre «as nais que non teñen fillos» e as «viudas dos vivos» —referencia que utilizou Juan Ramón Jiménez nun artigo seu sobre Rosalía publicado na revista *Grafos* durante o seu exilio cubano (Vitier, 1981: 115)— continúan representado o mellor elemento simbólico da etapa en que as mulleres galegas aínda non se incorporaron como protagonistas directas ó fenómeno da emigración (Cagiao Vila, 1997: 41-42).

17 Resumindo moito, sobre esta cuestión hai que dicir que durante a segunda metade do século XIX, cando a emigración en Galicia adquiriu características masivas, Cuba, polo feito de manterse como colonia española ata 1898, foi destino privilexiado para os galegos, así como para os españois en xeral. Xa dende as primeiras décadas decimonónicas (Márquez Macías, 2007), os galegos comezaron a inserirse na economía cubana, que cobraba unha inusitada puxanza por causa da expansión azucreira e representaba un indiscutible factor de atracción de man de obra, que foi en aumento sobre todo a partir da abolición da escravitude en 1886. Pero antes mesmo de que se producise este feito, e en concordancia coa vontade de branquexar a poboación, comezouse a fomentar a emigración espontánea xunto con proxectos de colonización organizados por particulares ou desde a Administración, independentemente do grao de éxito que tiveron na práctica. Doutra banda, moitos dos inmigrantes chegaron á illa como soldados do exército colonial, que dende mediados de século medrou en Cuba moi considerablemente e no que os galegos representaron unha significativa porcentaxe. Foron bastantes os casos en que estes militares se foron traspasando ós poucos á vida civil (Moreno Fragnals / Moreno Massó, 1993). Ademais, nesta época foi tamén frecuente que os galegos propietarios de enxeños azucreiros ou tabaqueiros, como os doutras procedencias peninsulares, fomentasen entre os seus paisanos a idea de emigrar a Cuba para traballar na zafra (Cagiao Vila, 2007).

Xunto con esta inmigración que nutriu determinados nichos laborais que se realimentaron co paso de posteriores xeracións, chegaron tamén certos elementos intelectuais que, mostrándose críticos co réxime político da Restauración, se viron obrigados a emigrar. A súa iniciativa e o seu pulo como verdadeiros animadores culturais do crecente colectivo galego culminaron en achegas realmente notables plasmadas en diversos emprendementos editoriais a través das primeiras revistas e xornais, precursores dunha extensísima nómina imposible de reproducir, uns bilingües e outros en galego, como *El Avisador Galaico de Cienfuegos* (1878), *El Eco de Galicia* (1878), *Galicia Moderna* (1885) e *A Gaita Gallega*, que viu a luz dous meses despois que a anterior e poucos días antes da morte de Rosalía, á que precisamente dedicou o seu segundo número¹⁸.

Mais, como subliña Xosé Neira Vilas (1992: 74) e para o que aquí máis nos interesa, ademais da galega, varios medios da nutrida prensa nacional cubana daquel momento reflectiron o seu pesar pola morte da escritora galega. Os medios especializados en temas literarios, cuxa proliferación era xa notable naquela altura, deron conta do óbito con comentarios laudatorios sobre a súa obra, pero sobre todo pola súa significación para a inmigración galega da illa, que evidentemente non pasaba desapercibida. Así, tanto na prestixiosa publicación *La Habana Elegante*, dirixida por Enrique Hernández Miyares (Santiago de Cuba, 1859-A Habana, 1914), que, ademais das crónicas de sociedade, contaba coa pluma dos máis importantes intelectuais do momento, como en *El Eco Habanero*, fundado xusto nese ano de 1885 e que tiña á fronte o poeta Manuel Orgállez, apareceron artigos referidos a Rosalía. Pola súa banda, *Revista Cubana* (1885-1894), voceiro literario que, como herdeiro da antiga *Revista de Cuba* de José Antonio Cortina, facía a súa aparición nese ano da man de Enrique José Varona (Camagüey, 1849-A Habana, 1933), un dos máis conspicuos intelectuais cubanos, quen publicaría no mes de agosto unha crónica da súa autoría na que se estendía sobre a escritora galega e a súa obra. Tamén os medios de información xeral, incluso os de fóra da Habana (*La Alborada* de Pinar del Río ou *La Aurora de Yumurí* de Matanzas), se farían eco da noticia. Na capital cubana, a morte de Rosalía foi recollida por

18 *A Gaita Gallega. Repinica Muiñeiras, Alboradas e Fanadangos, unha vez 'o mes*. Habana, 16 de agosto de 1885.

diarios de diversas tendencias, como o autonomista *El País* de Ricardo Delmonte (Cimarrones, 1828-A Habana, 1909) ou os conservadores *Diario de la Marina* e *La Voz de Cuba*, entón recentemente fundado. Foi neste último xornal onde, a pesar do seu integrismo, ó glosar a importancia da autora galega, se afirmaba que «En Madrid, donde no se estudia atentamente el renacimiento literario de provincias, casi es desconocida. En cambio su nombre es popularísimo en su país natal, en nuestra Gran Antilla y en todas las repúblicas americanas» (Neira Vilas, 1992: 74).

Un ano despois —ademais da publicación dun artigo sobre Rosalía da cubana Aurelia del Castillo en *El Eco de Galicia* habaneiro (Davies, 2005: 178)—, na celebración dunha velada literario-musical no Teatro Albisu, organizada polos notables da colectividade galega co obxectivo de obter fondos para o mausoleo de Rosalía, contou coa presenza como conferenciante do extraordinario orador Rafael Montoro (A Habana, 1852-1933), cuxa autoridade intelectual era entón indiscutible. Outro dos momentos sobresaíntes do acto constituíuno a lectura dun poema («A la ilustre poetisa Rosalía de Castro de Murguía») do que fora o mestre de Martí, Rafael M. Mendive (1821-1886), co que se demostraba que era un bo coñecedor de *Cantares gallegos* (Neira Vilas, 1992: 89 e 167). Debía selo tamén o eminente polígrafo cubano Fernando Ortiz (A Habana, 1881-1969), quen, bastantes anos máis tarde, en 1912, con motivo da repartición de premios ós alumnos das escolas do Centro Gallego da Habana, pronunciaría un discurso titulado «A los gallegos de Cuba». Nese texto —fermosísimo, ó noso xuízo—, repleto de comparacións entre Cuba e Galicia —que, por certo, coñecía ben pois fora cónsul do seu país na Coruña (Cagiao Vila / Rei Tristán, 2007: 271) —, non só evocaría a Rosalía como a mellor representante da poesía galega, senón que terminaría a súa alocución recitando «Airiños, airiños, aires...» no medio dunha pechada ovación (Álvarez Martens, 2007: 253).

En 1937, coincidindo coa celebración do centenario do nacemento da escritora galega, o Lyceum da Habana —asociación de mulleres de corte cultural fundada en 1928— organizou un acto literario en que participou a feminista dominicana residente en Cuba Camila Henríquez Ureña (Santo Domingo, 1894-1973), directora da revista desta entidade social. Este acto foi comentado pola prensa habaneira, que tamén se fixo eco da conmemoración centenaria con diversos artigos publicados ó longo dese ano. Na *Revista Cubana*, por exemplo, viu a luz unha

contribución do profesor Manuel Pedro González, quen identificaba a Rosalía coa «alma gallega», mentres que o poeta Gustavo Galo Herrero (1941-2004) dicía dela en *El País Gráfico* que Galicia a aclamaba «como su mejor cantora» e Roberto Santos, no *Diario de la Marina*, afirmaba que «era Galicia misma» (Neira Vilas, 1992: 110-113). Pola súa banda, cando en marzo dese ano a colectividade galega organizou un grande acto no teatro do Centro Gallego da Habana presidido por Menéndez Pidal (A Coruña, 1869-Madrid, 1968) —daquela na Habana invitado pola Hispano Cubana de Cultura—, tamén se contou coa asistencia de personalidades cubanas. Algunhas delas colaboraran ademais no número home-naxe dedicado a Rosalía que, acompañado dunha lámina cun retrato da poeta elaborado polo pintor madrileño nacionalizado cubano Mariano Miguel —cuxa relación con Galicia, onde viviu algún tempo en diferentes momentos da súa vida, era moi estreita—, deu á luz ese mesmo mes a revista *Cultura Gallega*. Esta publicación organizou tamén un concurso escolar sobre Rosalía no Plantel Concepción Arenal do Centro Gallego en cuxo xurado, presidido por Juan J. Remos (Santiago de Cuba, 1896-Estados Unidos, 1962), que no seu discurso glosou a súa obra, participaron outros literatos cubanos como o matanceiro Emilio Gaspar Rodríguez, quen evocou a posible influencia da autora de *Cantares gallegos* en figuras como Martí e Rubén Darío¹⁹. Os premios do certame foron entregados no mes de xullo no Teatro Nacional, onde José de la Luz León, que fora cónsul de Cuba na Coruña, pronunciou unha conferencia en que dixo de Rosalía que «incorpora a la lírica castellana y gallega toda la modalidad ensoñadora del paisaje nativo, y prolonga luego lo que se ha llamado suspirillos germánicos, los suspirillos de Heine, ampliados, magnificados con acentos nuevos»²⁰.

Ese mesmo ano, a poeta cubana Emilia Bernal (Nuevitás, 1882-1969), na que se recoñecen influencias rosalianas (Davies, 2005: 179)²¹, terminaría en Santiago de Chile o seu libro *Saudades*, no que ofrecía varias traducións ó castelán de poemas de Rosalía, cuxa obra coñecera en Madrid dez anos atrás, precedidas dun extenso

19 «Opina el jurado de nuestro concurso acerca de Rosalía», *Cultura Gallega*, 23-26, 1937, 78-80.

20 «Ser gallego equivale a ser dos veces español», *Cultura Gallega*, 33-34, 1937, 4-6. En 1954, *Alma Gallega*, de Montevideo, publicaría un artigo de José de la Luz León titulado «La Musa del Sar».

21 En opinión de C. Davies, a influencia de Rosalía de Castro, ademais de en Emilia Bernal, percíbese noutras poetas como Dulce María Loynaz e Fina García Marruz. O mesmo observaría Medardo Vitier sobre América Bobia Berdayes de Carbó e a súa obra *Ofertorio*, publicada en 1928. *Revista de Avance*, 15 de abril de 1928, 289.

prólogo en que afirmaba que os seus *Cantares gallegos* serían sempre «el breviario de Galicia» e que *Follas novas* era «el sentir de todo un pueblo». Porén, segundo di Neira Vilas (1992), profundo coñecedor dos vínculos da obra de Rosalía coa illa de Cuba, na segunda década do século xx, o ensaísta cubano Agustín Acosta (Matanzas, 1886-Miami, 1979) xa chegara a acometer a tradución de *Follas novas* ó castelán acompañada dun prólogo do poeta peruano José Santos Chocano (Lima, 1875-Santiago de Chile, 1934) —cuxa azarosa vida, case novelesca, o levou por aqueles anos a Cuba—, que, lamentablemente, se perdeu. Moi posteriormente, outros estudosos cubanos ocupáronse da escritora galega. Este é o caso, por exemplo, de Nicolás Cossío Sierra, quen nunha conferencia pronunciada na Habana en 1985, ano do centenario da súa morte, na que glosou a súa vida e a súa obra, deu conta, ademais, da admiración que José Martí (A Habana, 1853-Dos Ríos, 1895) —quen en máis dunha oportunidade da súa prolífica obra se referira a Galicia (Baujín Pérez, 2002: 178)— profesada non só pola poesía de Rosalía senón tamén pola súa actitude de compromiso coas causas que defendía²². Así mesmo, a escritora camagüeiana Mary Cruz, nunha intervención na Sociedad Cultural Rosalía de Castro ese mesmo ano, ofreceu un resumo do seu texto *Ocho momentos de la vida de Rosalía*, que, segundo Neira Vilas, constitúe un dos estudos máis completos sobre a poeta galega. Ademais, con motivo deste centenario, a mesma sociedade organizou un concurso en que participaron escolares cubanos, mentres que no Salón Nacional de Propaganda Gráfica, realizado ese ano na Habana, un dos primeiros premios foi para o deseñador cubano Rafael Enríquez polo seu cartel dedicado a Rosalía. Para rematar, o escritor de Gres, na súa indispensable obra *Rosalía de Castro e Cuba* (Neira Vilas, 1992: 155-161), deu a coñecer o poema inédito que o escritor holguineiro Ángel Augier, fundador da *Revista de Literatura Cubana*, escribiu en 1985 con motivo do mencionado centenario.

Como colofón a esta apertada síntese, aínda sendo incompleta, consideramos que non é un mal balance o que Rosalía obtivo en diversos momentos da intelctualidade americana se temos en conta a visión negativa que a escritora galega tivo do continente. Porque para ela, América foi, sen dúbida, o mellor sinónimo da emigra-

22 Xosé Neira Vilas (1992: 171) relata a anécdota a partir da cal Martí reproduce textualmente unha frase de Rosalía tomada do prólogo da primeira edición de *Follas novas* e cita como fonte as *Obras completas* de José Martí publicadas pola Editorial Ciencias Sociales da Habana en 1975, vol. 20, 493.

ción, cuxos males sistematicamente denunciou. Unha emigración da que agora os historiadores somos capaces de ver «luces e sombras» mais na que Rosalía só puido ver, coa lóxica do tempo que lle tocou vivir, unha moi **NEGRA SOMBRA**.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACTAS do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (1986): Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- ALSINA, Juan A. (1913): *España. Un verano por Galicia*, Bos Aires, Felipe S. Alsina Editores.
- ÁLVAREZ MARTENS, Berta (2007): «Fernando Ortiz y los gallegos de Cuba», en Pilar Cagiao Vila / Sergio Guerra Vilaboy (eds.), *De raíz profunda: Galicia y lo gallego en Cuba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia, 247-255.
- ARBELECHE, Jorge (2008): «Rosalía y Juana de Ibarbourou, opacidad y transparencia», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República, Facultad de Humanidades y Ciencias, 9-17.
- ARLT, Roberto (1997): *Aguafuertes gallegas*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.
- BAUJÍN PÉREZ, José Antonio (2003): «Camino del gallego en la cultura cubana», en *Memoria I*, A Habana, Cátedra de Cultura Gallega, Facultad de Artes y Letras, Universidad de La Habana, 169-180.
- CAGIAO VILA, Pilar (1997): *Muller e emigración*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CAGIAO VILA, Pilar (2007): *Os galegos de Ultramar*, A Coruña, Arrecife Edicións Galegas S.L.
- CAGIAO VILA, Pilar / Eduardo REY TRISTÁN (2007): «La contribución cubana a la Biblioteca América de la Universidad de Santiago de Compostela», en Pilar Cagiao Vila / Sergio Guerra Vilaboy (eds.), *De raíz profunda: Galicia y lo gallego en Cuba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia, 267-282.
- CALVEIRO, Adolfo V. (1938): «Rosalía de Castro en América y en Europa», *Cultura Gallega*, A Habana, 47-48, 16-18.
- CAMPRUBÍ, Zenobia (2006): *Epistolario I. Cartas a Juan Guerrero Ruiz, 1917-1956*. [Edición de Graciela Palau de Nemes e Emilia Cortés Ibáñez]. Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.
- CAMPRUBÍ, Zenobia / Graciela PALAU DE NEMES (2009): *Epistolario (1948-1956)*. [Edición de Emilia Cortés Ibáñez]. Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.
- DAVIES, Catherine (2005): «Rosalía de Castro: aislamiento cultural en un contexto colonial», en Lisa Wollemdorf (ed.), *Literatura y feminismo en España (s. xv-xxi)*, Barcelona, Icaria, 171-186.
- FARÍAS, Ruy (2008): «Galicia y los gallegos desde la mirada de *Caras y Caretas*», en María Lojo / Marina Guidotti / Ruy Farías, *Los «gallegos» en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 199-270.
- FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (2007): «Los gallegos y Julio Cortázar», en Ruy Farías (comp.), *Buenos Aires Gallega. Inmigración, pasado y presente*, Bos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Histórico y Cultural de la Ciudad de Buenos Aires, 251-262.
- GALLINAL, Gustavo (1967): *Crítica y Arte; Tierra española; Visiones de Italia*, Montevideo, Ministerio de Cultura.
- GÓMEZ PAZ, Julieta (1988): *Galicia y la poesía*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.
- GONZÁLEZ CARVALHO, José (1954): *Libro de canciones para Rosalía de Castro*, Bos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Bos Aires.
- GUIDOTTI DE SÁNCHEZ, Marina (2008): «Las obras de teatro: espejo de los estereotipos gallegos en el imaginario argentino», en María Lojo / Marina Guidotti / Ruy Farías, *Los «gallegos» en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 131-195.

- JIMÉNEZ, Juan Ramón (1999): *El Modernismo. Apuntes de curso (1953)*. [Edición de Jaime Urrutia]. Madrid, Visor.
- JIMÉNEZ, Juan Ramón (2006): *Epistolario I (1898-1916)*. [Edición de Alfonso Alegre Heitzmann]. Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.
- LAGO, Sylvia (1997): «Tierra sin mapa, cielo de Galicia: las transfiguraciones de la memoria en una novela ejemplar», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República. Facultad de Humanidades y Ciencias, 93-106.
- LAGO, Sylvia (1998): «Presencia del inmigrante en una novela uruguaya actual: “Ángeles apasionados” de Jaime Monestier», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República. Facultad de Humanidades y Ciencias, 126-143.
- LOJO, María Rosa (2008): «Los “gallegos” en la literatura Argentina», en María Lojo / Marina Guidotti / Ruy Farías, *Los «gallegos» en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 43-130.
- MÁRQUEZ MACÍAS, Rosario (2007): «La emigración gallega a Cuba y su inserción en el comercio habanero», *Miniús*, XV, 151-161.
- MOLINARI, Víctor Luis (1968): *Rosalía y su mundo poético*, Montevideo, Ediciones del Patronato de Cultura Galega.
- MORENO FRAGINALS, Manuel e José J. MORENO MASSÓ (1993): *Guerra, migración y muerte. (El ejército español en Cuba como vía migratoria)*, Fundación Archivo de Indianos / Ediciones Júcar.
- NEIRA VILAS, Xosé (1992): *Rosalía de Castro e Cuba*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro.
- PÉREZ-PRADO, Antonio (2007): *Los Gallegos y Buenos Aires*, Bos Aires, Ediciones Corregidor.
- PORTELA YÁÑEZ, Charo (ed.) (1997): *Jornadas de la emigración gallega a Puerto Rico. Actas del Congreso celebrado en San Juan 30, 31 de enero y 1 de febrero de 1996*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.
- RAMA, Ángel (1985): *Tierra sin mapa*, Montevideo, Fundación Ángel Rama.
- REQUENI, Antonio (1993): «Un poeta argentino en Galicia: González Carbalho», *Boletín Galego de Literatura*, 10, 39-51.
- ROJAS, Ricardo (1938): *Retablo español*, Bos Aires, Ed. Losada.
- SÁNCHEZ ROMERALO, Antonio (1986): «Rosalía de Castro en Juan Ramón Jiménez», en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, III, 213-222.
- TORRES, Alicia (2008): «Un consulado de poesía. Julio J. Casal entre Galicia y Uruguay», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República. Facultad de Humanidades y Ciencias, 19-48.
- VITIER, Cintio (1981): *Juan Ramón Jiménez en Cuba*, A Habana, Ed. Arte y Literatura.
- ZÁRATE PLASENCIA, Fidel A. (1970): *Recuerdos de Europa. España*, Lima, Gráf. P.L. Villanueva.